

# PROXECTO EDUCATIVO



EEI de Coirós

Lesas, 30 A Figueiras (Coirós)

[eei.coirós@edu.xunta.gal](mailto:eei.coirós@edu.xunta.gal)

Teléfono 639.70.98.95

## ÍNDICE

|  |    |
|--|----|
| 1. INTRODUCCIÓN.....   | 3  |
| 2. MARCO LEGAL.....  | 4  |
| 3. CONTEXTUALIZACIÓN DA ESCOLA.....  | 5  |
| 3.1. LOCALIZACIÓN DA ESCOLA.....   | 5  |
| 3.2. DATOS XERAIS DA ESCOLA.....   | 5  |
| 3.3. XORNADA ESCOLAR.....  | 5  |
| 3.4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DA ESCOLA.....   | 6  |
| 3.4.1. COMEDOR.....  | 6  |
| 3.4.2. TRANSPORTE.....   | 6  |
| 4. OBXECTIVOS DA ESCOLA.....   | 7  |
| 4.1. FINS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS.....   | 7  |
| 4.2. OBXECTIVOS NO ÁMBITO PEDAGÓXICO.....  | 7  |
| 4.3. OBXECTIVOS NO ÁMBITO INSTITUCIONAL.....   | 7  |
| 4.4. OBXECTIVOS NO ÁMBITO ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO.....  | 8  |
| 4.5. OBXECTIVOS NO ÁMBITO HUMANO E DE SERVIZOS.....  | 8  |
| 4.6. OBXECTIVOS DE PROXECCIÓN INTERNA E EXTERNA.....   | 8  |
| 4.7. OBXECTIVOS DE FORMACIÓN PERMANENTE.....   | 8  |
| 5. ASPECTOS CURRICULARES.....  | 8  |
| 5.1. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN INFANTIL.....  | 8  |
| 5.2. OBXECTIVOS QUE SE PLANTEXAN NESTA ETAPA EN FUNCIÓN DO CONTEXTO DA NOSA ESCOLA RELATIVOS A:..... | 9  |
| 5.2.1. ALUMNADO.....   | 9  |
| 5.2.2. FAMILIA.....  | 9  |
| 5.3.3. INSTITUCIÓNS.....   | 9  |
| 5.3. COMPETENCIAS DE EDUCACIÓN INFANTIL.....   | 9  |
| 5.4. ÁREAS DE EDUCACIÓN INFANTIL.....  | 10 |
| 5.5. PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E METODOLÓXICOS.....   | 10 |
| 5.6. PERÍODO DE ADAPTACIÓN.....  | 10 |
| 5.7. A METODOLOXÍA.....  | 10 |
| 6. AVALIACIÓN.....   | 11 |
| 6.1. AVALIACIÓN INICIAL.....   | 11 |
| 6.2. AVALIACIÓN CONTINUA.....  | 11 |
| 6.3. AVALIACIÓN FINAL.....   | 11 |
| 7. ELABORACIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PE.....   | 12 |
| 8. DOCUMENTOS ANEXOS DO PE.....  | 12 |

## 1. INTRODUCCIÓN

O Proxecto Educativo (PE) é un instrumento para a xestión coherente co contexto escolar que enumera e define as notas de identidade do centro, formula os obxectivos que se pretenden e expresa a estrutura organizativa do centro.

Consideramos imprescindibles o contexto socioeconómico e cultural, as peculiaridades do alumnado así como as concepcións educativa que nais, pais e profesores mantemos para dotar á Escola cun estilo propio, cos seus sinais de identidade, coa finalidade de garantir a coherencia na formación do noso alumnado.

Neste proxecto establecemos as intencións educativas para as/os alumnas/os de Educación Infantil. Estas intencións iranse determinando e detallando ao longo do proceso educativo sendo conscientes de que o van condicionar por responder a propósitos e finalidades que a sociedade asigna á escola no ámbito máis xeral dos valores e das actitudes , co carácter pluralista da sociedade.

Estas intencións artículanse a través dos seguintes grandes eixes ou principios:

- A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condición e circunstancias.
- A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven en discapacidade.
- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como os que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- A concepción educativa como un aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.
- A flexibilidade para adecuar a educación a diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e as necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.

Indicar, por último, que temos que partir de un concepto de PE que será un documento vivo, cambiante, capaz de adaptarse as novas necesidades que vaian xurdindo, as novas características do alumnado, a nova normativa... introducindo as modificacións necesarias para poder acadar os obxectivos propostos.

O Proxecto Educativo (ART.121 LOMLOE) incorporará un plan de mellora que se revisará periódicamente, no que a partir do análise dos diferentes procesos de avaliación do alumnado e da escola, se plantexan as estratexias e actuación necesarias para mellorar os resultados educativos e os procedementos de coordinación e de relación cas familias e o entorno.

## 2. MARCO LEGAL

A normativa a ter en conta á hora da elaboración do Proxecto Educativo é a seguinte.

- Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro (LOMLOE) pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio (LOE).
- Decreto 150/2022 do 8 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 30 de maio de 2023 (DOG 13 xuño) pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 22 de outubro de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil, dos colexios de Educación Primaria e dos colexios de Educación Infantil e Primaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidades.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Lei 4/2011, do 3º de Xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade en materia de convivencia escolar.

Segùn o Artigo 121 da LOMLOE, no marco do establecido polas Administracións educativas, a escola debe establecer os seus proxectos educativos, que deberán facerse públicos para poder facilitar o seu coñecemento por parte de toda a comunidade educativa. Ademais, correspóndelles ás administracións educativas contribuir ao desenvolvemento do currículo favorecendo a elaboración de modelos abertos de programación docente e materiais didácticos que respondan ás diferentes necesidades do alumnado e alumnos e profesores.

A Escola promoverá compromisos educativos entre familias ou tutores legais e a propia escola no que as actividades que os pais, profesores e estudantes comprométense a desenvolver para mellorar o rendemento académico do alumnado.

### 3. CONTEXTUALIZACIÓN DA ESCOLA

#### 3.1. LOCALIZACIÓN DA ESCOLA

A Escola de Educación Infantil é unha Escola de titularidade pública situada en Coirós (A Coruña) e que escolariza a 21 nenos e nenas do Concello de Coirós e área limítrofe (Betanzos), que están distribuídos en dos aulas mixtas de educación infantil (3, 4 e 5 anos)

O alumnado procede maioritariamente do Concello de Coirós e pertence a todos os ámbitos sociais.

O espazo físico está distribuído nun edificio de unha soa planta de recente construción. O Claustro está formado por 2 profesoras e outras dos profesoras que veñen á escola a impartir a súa especialidade (unha hora semanal por aula a profesora de Educación Religiosa e unha hora semanal por aula a profesora de Educación Estranxeira). Temos unha persoa que atende a apertura anticipada (de 8 a 9 horas) contratado polo Concello.

A Escola ten dous taxis que subvenciona o Concello e fan varias rutas polo Concello e a Betanzos e que funcionan como transporte escolar.

Así mesmo, a escola conta cunha ANPA que colabora activamente coa actividade escolar.

#### 3.2. DATOS XERAIS DA ESCOLA

Os datos referenciais da Escola son os seguintes:

Denominación: EEI de Coirós

Enderezo: Figueiras 30 A, Lesa 15316 Coirós

Teléfono: 639.70.98.95

Código da escola: 15022152

Correo electrónico: [eei.coirós@edu.xunta.gal](mailto:eei.coirós@edu.xunta.gal)

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/eeicoiros>

#### 3.3. XORNADA ESCOLAR

A escola ten xornada única en horario de 9:00 a 14:00. Temos un horario de apertura anticipada de 8:00 a 9:00 a través dunha empresa contratada polo Concello de Coirós, e dentro desta apertura anticipada comezan a chegar o alumnado transportado nos taxis que tamén é un servizo gratuito do Concello de Coirós.

## ATENCIÓN AO ALUMNADO TRANSPORTADO

08:50 a 9:00

## HORARIO LECTIVO

1ª sesión: 09:00 a 09:30

2ª sesión: 09:30 a 10:30

3ª sesión: 10:30 a 11:30

4ª sesión: 11:30 a 12:30

Recreo: 12:30 a 13:00

5ª sesión: 13:00 a 14:00

## ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

Os martes de 16:00 a 18:00 horas, previa cita. Se ese día non fose posible, poríamos a disposición das familias para concertar unha nova cita.

### 3.4. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS DA ESCOLA

#### 3.4.1. COMEDOR

1. Modalidade de prestación do servizo: no comedor da EEI de Coirós préstase na modalidade de cátering por medio de persoal contratado polo Concello de Coirós é de xestión indirecta da consellería con competencias en materia de educación a través da concesión do servizo. segundo o que di o Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería en materia de educación.
2. Clasificación do comedor escolar: segundo o establecido no anterior decreto, e dacordo co número de comensais que acolle este servizo, o comedor queda clasificado como de tipo A, o que quere dicir que ten capacidade para acoller ata 75 comensais-
3. Duración do servizo de comedor: dende o inicio do curso escolar ata o fin, cada curso as datas veñen fixadas pola orde de calendario que publica a Consellería ao redor do mes de xuño en cada curso escolar.

#### 3.4.2. TRANSPORTE

O servizo de transporte escolar é utilizado polo alumnado que lo solicite antes do comezo do curso, ben na matrícula para o novo alumnado ou ben nas permanencias do alumnado que queda na Escola.

O servizo de transporte escolar o realizan dous taxis contratados polo Concello de Coirós e que as familias utilizan de forma gratuita.

## 4. OBXECTIVOS DA ESCOLA

### 4.1. FINS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS

- Contribuír ao desenvolvemento pleno da personalidade e das capacidades do alumnado.
- Formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na resolución pacífica dos mesmos.
- A efectiva igualdade de dereitos entre os sexos, e o rexeitamento a todo tipo de discriminación.
- Preparación para participar activamente na vida social e cultural e fomento dos hábitos de comportamento democrático.
- Educar na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- Desenvolvemento das capacidades creativas, do espírito crítico e confianza en sí mesmo.
- Desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- Adquisición de valores que propicien o respecto e o coidado cara os seres vivos e o medio ambiente
- Capacitación para a comunicación nas dúas linguas oficiais, e nunha lingua estranxeira.
- Participación e colaboración das nais/pais ou tutores para poder acadar os obxectivos educativos.

### 4.2. OBXECTIVOS NO ÁMBITO PEDAGÓXICO

- Respetar as peculiaridades de cada grupo e os ritmos de aprendizaxe de cada alumno.
- Fomentar a iniciativa e a creatividade para que o alumnado sexa o protagonista da súa aprendizaxe.
- Incorporar, na medida do posible, os avances das tecnoloxías á acción docente.
- Desenvolver interese polo traballo cooperativo, valorando o esforzo individual.
- Potenciar un réxime de coeducación no que non se produza discriminación alguna por razón de sexo, ideoloxía, cultura ...
- Potenciar as actividades escolares, complementarias e extraescolares que favorezan a autoeducación do tempo libre.
- Incorporar nas programación didácticas obxectivos e contidos relacionados co entorno próximo do alumnado.
- Integrar a avaliación do alumnado no proceso de aprendizaxe converténdoa nun recurso didáctico máis, coas características de ser continua e individualizada.

### 4.3. OBXECTIVOS NO ÁMBITO INSTITUCIONAL

- Impulsar os procesos tendentes á xestión colexiada da Escola, favorecendo as iniciativas propostas pola comunidade educativa.
- Colaborar nas iniciativas e actividades promovidas por entidades culturais e sociais do entorno, por organismos oficiais e por outras institucións sen ánimo de lucro.

- Favorecer a creación de grupos de carácter recreativo e cultural por parte da ANPA e a organización das súas actividades na escola.
- Establecer canles que permitan unha fluída e efectiva comunicación entre os membros da comunidade educativa.

#### 4.4. OBXECTIVOS NO ÁMBITO ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO

- Impulsar, dentro do marco legal vixente, a autonomía na xestión democrática dos recursos asignados á escola.
- Poner todos os medios e recursos económicos e administrativos da escola ao servizo da súa finalidade esencial, a formación integral do alumnado.
- Axilizar todos os trámites propios da actividade administrativa.
- Desenvolver e empregar instrumentos eficaces para a comunicación externa e interna.

#### 4.5. OBXECTIVOS NO ÁMBITO HUMANO E DE SERVIZOS

- Fomentar actitudes que favorezan a integración do alumnado con situacións especiais.
- Conseguir a implantación e o respecto das NOFC

#### 4.6. OBXECTIVOS DE PROXECCIÓN INTERNA E EXTERNA

- Fomentar que profesores, familias, traballadores non docentes e alumnado interveñan no control e xestión da Escola.
- Traballar pola participación dos diferentes sectores da comunidade educativa como algo imprescindible para que as decisións dos diferentes Órganos Colexiados sexan suficientemente representativas e efectivas.
- Establecer relacións sistemáticas de colaboración co CEIP Francisco Vales Villamarín ao que está adscrita a nosa Escola.

#### 4.7. OBXECTIVOS DE FORMACIÓN PERMANENTE

- Favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente.
- Potenciar na propia Escola proxectos de formación, tratando de implicar a todo o profesorado.

### 5. ASPECTOS CURRICULARES

#### 5.1. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN INFANTIL

A Educación Infantil contribuirá a desenvolver no noso alumnado as capacidades que lles permitan:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Adquirir progresivamente autonomía en sus actividades habituales.
- Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.



- Relacionarse cas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e na resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e na escritura, no movemento, no xesto e no ritmo.
- Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- Coñecer e valoras as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e a sociedade galega.

## 5.2. OBXECTIVOS QUE SE PLANTEXAN NESTA ETAPA EN FUNCIÓN DO CONTEXTO DA NOSA ESCOLA RELATIVOS A:

### 5.2.1. ALUMNADO

- Que as nenas e nenos se sintan valorados polo que son e non polo que fan mantendo unha actitude positiva e de aceptación na que se consideren as características psicoevolutivas e persoais, así como a diversidade de nenas e nenos.
- Xerar espazos e tempos que fomenten a creación, a responsabilidade e o descubrimento do mundo que os rodea así como a súa interacción co mesmo.
- Fomentar tarefas que fagan mellorar a súa comprensión e expresión é dicir que contribúan a mellora da súa comunicación.

### 5.2.2. FAMILIA

- Favorecer as relación da familia ca Escola e co personal da mesma, facendoos partícipes da vida dos seus fillos no centro e implicándoos no proceso de ensinanza aprendizaxe das súas fillas e fillos.
- Fomentar os cauces e espazos de comunicación coas familias a través das distintas titorías e axenda escolar.

### 5.3.3. INSTITUCIÓNS

- Ofrecer e impulsar cauces que potencien e garantan a participación de todos os sectores implicados no centro.

## 5.3. COMPETENCIAS DE EDUCACIÓN INFANTIL

- Competencia en comunicación lingüística (CCL)
- Competencia plurilingüe (CP)
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM)
- Competencia dixital (CD)
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)

- Competencia cidadá (CC)
- Competencia emprendedora (CE)
- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)

#### 5.4. ÁREAS DE EDUCACIÓN INFANTIL

As ensinanzas de educación infantil organízanse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil.

As áreas de educación infantil son as seguintes:

- Comunicación e Representación da Realidade
- Crecemento en Harmonía
- Descubrimento e exploración da contorna.

#### 5.5. PRINCIPIOS PEDAGÓGICOS E METODOLÓXICOS

Nesta etapa imos facer un especial fincapé no papel da mestra/e de Educación Infantil por ser unha figura de especial relevancia para as nenas e os nenos, e por iso que debe:

- Manter e transmitir ao alumnado unha actitude tolerante de respecto e confianza, afectuosa e non discriminatoria.
- Constituir un punto de referencia afectivo-emocional.
- Poñer límites estruturantes cando sexa necesario.
- Propor situación que susciten un grado de conflito cognitivo, social e afectivo que lle axuden a avanzar na súa aprendizaxe.

#### 5.6. PERÍODO DE ADAPTACIÓN

O período de adaptación realizarase no mes de setembro tal e como establece a lexislación actual, en este período de adaptación, deséñase un modelo axustado ás necesidades das familias. Deste xeito, os centros poderán optar por unha incorporación paulatina do alumnado de cuarto de infantil, que non se prolongará máis aló do 16 de setembro.

Deberán ter en conta a escolarización previa do alumnado na etapa 0-3 anos, a existencia de irmáns ou irmás na Escola e as necesidades familiares. En todo caso, garantirase a atención a tempo completo ao alumnado que as familias así o soliciten.

#### 5.7.A METODOLOXÍA

A metodoloxía que se vai empregar será a que permita a globalización da aprendizaxe e a funcionalidade do mesmo, facendo que as nenas e os nenos se inicien no logro das competencias básicas. Por iso o profesorado de educación infantil poderá utilizar o libro de texto ou traballar por proxectos pero en todo caso deberá avaliar que se den todos os contidos establecidos no currículo de infantil.

## 6. AVALIACIÓN

A coordinación do proceso de avaliación da aprendizaxe do alumnado corresponderalle á persoa que exerza a titoría, que recollerá a información proporcionada polos outros profesionais que participan no proceso educativo de cada grupo ou dalgunha alumna ou alumno en particular que deberá deixar constancia das observacións e valoracións sobre o grado de adquisición das aprendizaxes de cada nena ou neno.

### 6.1. AVALIACIÓN INICIAL

Cando o alumnado se incorpore ao segundo ciclo de educación infantil, as titoras ou titores dos grupos realizarán unha avaliación inicial de cada un. Esta avaliación recollerá os datos máis destacados do seu proceso de desenvolvemento, terá en conta os datos relevantes achegados pola información das familias na entrevista inicial e, se é o caso, os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que revistan interese para a vida escolar. E, de ser o caso, os informes de escolarización anteriores.

Completarase coa información obtida na observación directa por parte das mestras que atenden as/os nenas/os sobre o grado de desenvolvemento das capacidades básicas correspondentes á súa etapa evolutiva durante o período de adaptación ao centro escolar.

O informe de avaliación inicial axustarase ao modelo establecido no Anexo II na Orde do 25 de Xuño de 2009

### 6.2. AVALIACIÓN CONTINUA

Ao longo do ciclo, e de forma continua, a persoa que exerza a titoría utilizará as distintas situacións educativas para analizar os progresos e as dificultades do seu alumnado, co fin de axustar a intervención educativa para estimular o proceso de aprendizaxe.

Os criterios de avaliación constituirán o punto de referencia inmediato da avaliación continua e permitirán seleccionar os procedementos de avaliación máis axeitados.

### 6.3. AVALIACIÓN FINAL

Ao remate de cada curso, a titora ou o titor elaborará o informe anual de avaliación individualizado, no cal se reflectirán os datos máis relevantes do proceso de avaliación continua. O dito informe recollerá o grado de consecución dos obxectivos establecidos, así como as medidas de reforzo e adaptación que, se é o caso, fosen empregadas.

Á finalización do ciclo, co fin de garantir unha atención individualizada e continuada, recollerase nun informe o progreso global de cada nena ou neno. Nesta valoración considerase o avance na consecución dos obxectivos correspondentes do ciclo e no grado de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas. Así mesmo, faranse constar os aspectos máis salientables do seu progreso educativo e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación que se adoptasen.

## 7. ELABORACIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PE

O seguimento e avaliación deste PE realizarase anualmente a través da Memoria do curso. Nestas faranse constar as suxestións relativas ao PE coa intención de axeitalo e melloralo.

Cada dous anos, vistas as suxestións recollidas na memoria, ou cando sexa necesario por mor de cambios significativos no seno da Comunidade Educativa o una propia lexislación se abordará unha revisión deste PE, solicitando a participación de toda a Comunidade Educativa, a través dos seus representantes no Consello Escolar onde terán que se ser aprobadas as modificación ou novas incorporacións.

O presente documento poderá ser modificado polo Consello Escolar requeriéndose unha maioría de dous tercios.

## 8. DOCUMENTOS ANEXOS DO PE

- PLAN DIXITAL
- NOFC
- PROXECTO LINGÜÍSTICO
- PLAN DE IGUALDADE
- PLAN DE EVACUACIÓN

O presente Proxecto Educativo foi informado favorablemente e aprobado por unanimidade polo Consello Escolar o día 29 de xuño de 2023 e entrará en vigor o vindeiro curso 2023-2024.

A ÚLTIMA MODIFICACIÓN DESTE PROXECTO EDUCATIVO FOI EN XUÑO DE 2023.